

Turdus merula (Linnaeus, 1758)

	merlo
	mirlo común
	zozo arrunta
	merla
	common blackbird
	merlo-preto



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 100 g

Longitude 24-25 cm

Envergadura 34-39 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Turdus</i>

ALIMENTACIÓN

Insectos e miñocas, engadindo froitos diversos á súa dieta en outono e inverno.

COMPORTAMENTO

Habitualmente é delatado polo ruído do follato, que remove incesantemente en busca de alimento. Durante o crepúsculo canta apoiado en antenas de televisión, copas de árbores, etc. A femia constrúe o niño en forma de copa con barro, herba e follas secas en arbustos ou árbores pequenas

REPRODUCCIÓN

Celo de marzo a xullo, con dúas ou tres postas anuais de 2-6 ovos de cor azulado e moteados de pardo-vermello, que a femia incuba durante 13 días. Ás tres semanas os polos, que poden voar dende os 13 días, abandonan o niño.

HÁBITAT

Amplamente distribuída: zonas forestais, agrícolas e urbanas, en zonas con cuberta vexetal.

DISTRIBUCIÓN

Distribuído amplamente e de forma continua por todo o Paleártico, India e Asia oriental. Introducida e asilvestrada en Australia e Nova Zelandia.

CURIOSIDADES

A colonización das áreas humanizadas permitiu a expansión desta especie forestal, que hoxe en día é moi común.

No campus de Vigo atopamos a subespecie *Turdus merula* subsp. *merula*